

Os socialistas de Lugo e UUAA piden á Xunta que convoque con carácter urxente a Mesa do Leite e desenvolva un plan de acción ante o fin da cotas lácteas

O obxectivo, evitar que a posible sobreproducción sexa descontrolada e que os gandeiros estean nunha posición de competencia ante o novo escenario da liberalización do mercado, que se iniciará en abril de 2015

Dado que a supresión das cotas plantexa varios retos para o crecemento dun sector lastrado pola pequena dimensión produtiva dalgunhas explotacións e a debilidade dunha industria que apenas transforma o produto para darlle o valor engadido necesario para colocalo en mercados internacionais, Santín defendeu que o Goberno galego “debe levar a cabo alianzas estratéxicas, pois a maioría do leite segue viaxando nun paquete ou dentro dunha cisterna”

Roberto García denunciou que, mentras a seis meses do novo reximen Galicia e Lugo se están quedando sen músculo produtivo para acometer a conquista dos mercados sen cotas”, a Xunta denegou o 80% das solicitudes de Plans de Melloras das explotacións, a maior parte procedentes de mozos recién incorporados

Horacio Rouco criticou as políticas levadas a cabo “pola dereita deste país, pois Cañete debería ter reclamado na UE un fondo de compensación para os gandeiros que adquiriron cota. Sen embargo, xa sendo Ministro con Aznar e co beneplácito de Fraga, permitiu que, mentras participaba das negociacións para a súa liberalización, en España se mercase, vendese e se especulase con ela”

COSPEITO, 16 DE OUTUBRO DE 2014.- Os secretarios Provincial e de Medio Rural –Juan Carlos González Santín e Horacio Rouco-, e o secretario Xeral de Unións Agrarias en Galicia – Roberto García- subliñaron diante dos gandeiros da Terra Chá a necesidade de que a Xunta de Galicia convoque con carácter urxente a Mesa do Leite e desenvolva un plan de acción ante o fin da cotas lácteas, previsto para abril de 2015. Esta foi unha das conclusións que se extraeron da xornada organizada pola executiva provincial, en que se desenvolveu este xoves no local social de Arneiro (Cospeito).

A supresión das cotas lácteas plantexa varios retos para o crecemento dun sector lastrado pola pequena dimensión produtiva dalgunhas explotacións, moi dependentes da alimentación externa, e a debilidade dunha industria que apenas transforma o produto para darlle o valor engadido necesario para colocalo en mercados internacionais Por este motivo, tal e como indicou o secretario Provincial, “cremos que é preciso que o Goberno galego leve a cabo alianzas estratéxicas, pois a maioría do leite segue viaxando nun paquete ou dentro dunha cisterna. Por iso, estes produtores, que na provincia ascenden a máis de 5.000 e, na Terra Chá a preto de 1.500, agardan con gran incertidume o vindeiro ano, xa que moitos, a maiores do esforzo inversor que realizaron para incrementar a produción e mellorar a competitividade, estanse a atopar con multas millonarias por sobrepasar un cupo de produción que deixará de existir proximamente”.

“O Partido Popular, segundo destacou González Santín, continúa situando aos gandeiros na última carta da baralla, cando son o pilar fundamental da nosa economía”. Proba delo, asegura, é “que a súa ausencia de acción política devolve ao sector á situación de debilidade que tiña hai un ano polo menos, motivada en boa parte polo desembolso desorbitado que teñen facer polo exceso de produción”.

Concretamente, segundo os últimos datos do Fondo de Garantía Agraria sobre as entregas de leite no comezo da campaña, Galicia sobrepasa nun 14% a cota asignada, é dicir, máis de 330.000 toneladas; o que supón unha sanción duns 27 céntimos por litro que na Comunidade pode chegar aos 90 millóns de euros e, na provincia de Lugo, aos 15 millóns. Esta situación agrávase se ten en conta que os gandeiros están a sufrir, por terceira vez no ano, unha nova baixada do leite. A industria pagará ata decembro unha media de 0,31 euros por litro, o que deixa o valor do produto en orixe ao nivel máis baixo dos dous últimos exercicios. Os gandeiros pecharán así o ano co prezo do produto á baixa, a tan só seis meses de que conclúan as cotas lácteas fixadas por Bruxelas e que en Galicia estiveron vixentes 28 anos.

Deste xeito, constátase que o leite galego en orixe e, por tanto, tamén o lucense, están entre os peores pagados de toda a Unión Europea, pois cada gandeiro da provincia cobra 4 euros menos que a media europea por 100 litros do produto. Tan só Lituania, Romanía, Letonia, Polonia, Estonia e Hungría alcanzan prezos menores.

“Sen músculo produtivo”

Con este escenario, Galicia e Lugo en particular, especificou o secretario Xeral de UUAA, “estanse quedando sen músculo produtivo para acometer a conquista dos mercados en 2015, sobre todo, tendo en conta os datos que presenta Francia: 25.000 millóns de litros de produción, 70.000 explotacións, 56.465 empregados e un volume de axudas a produción que duplican as que percibe un gandeiro lucense”.

Mentras tanto, “e en vez de compensar esta situación”, denunciou o responsable deste Sindicato, a Xunta de Galicia acaba de denegar o 80% das solicitudes de Plans de Melloras das explotacións, a pesares de que só ten que aportar o 12,5% a este capítulo orzamentario, pois o resto provén de fondos comunitarios e estatais. “Non parece ter en conta tampouco que todos os solicitantes, na maioría mozos, xa tiveron que facer fronte ao pago de custosas licenzas municipais, proxectos e demais autorizacións, e que moitos deles xa teñen as obras en parte ou na súa totalidade feitas, polo que xa fixeron un esforzo moi importante de inversión a espera da axuda correspondente”, lamentou.

“A dereita deste país só defende aos terratenientes”

Pola súa banda, Horacio Rouco criticou decididamente as políticas levadas a cabo neste senso “pola dereita deste país”. “O PP dixo que enviaba a Europa un especialista, pero o único que puidemos ver é que só beneficia aos grandes produtores e aos grandes terratenientes. O exemplo claro témolo coa PAC. E mentras, a Consellería garda silencio, sendo cómplice. Cañete debería ter reclamado na Unión Europea un fondo de compensación para os gandeiros que mercaron cota. Sen embargo, xa sendo Ministro do Goberno de Aznar e co beneplácito de Fraga, permitiu que en España, mentras participaba das negociacións para liberalización do mercado en 2015, se mercase, se vendese e se especulase con ela”, sentenciou.

En defensa dos gandeiros

Con esta xornada, que se desenvolveu no local social de Arneiro (Cospeito) a executiva provincial deu continuidade ao compromiso adquirido en agosto de manter xuntanzas cos titulares de explotacións afectadas para dar resposta ás múltiples dúbidas que teñen sobre este asunto. Asimesmo, a iniciativa dos socialistas lucenses súmase a outras actuacións levadas a cabo polos representantes do Partido tanto no Parlamento de Galicia, como no Congreso dos Deputado e na Cámara europea, e nas que dende o PSOE se solicitou ás administracións competentes na materia, é dicir a Consellería de Medio Rural e ao Ministerio de Agricultura, un plan que evitase que a posible sobreproducción sexa descontrolada e que os gandeiros estean nunha posición de competencia ante o novo escenario de desaparición das cotas.